

Dominios prosódicos compostos e entoación en galego¹

Elisa Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Os dominios prosódicos compostos, así como a relación entre entoación e prosodia foron temas que ocuparon e seguen ocupando abondosas páxinas da literatura sobre a fonoloxía prosódica. Nesta ocasión, dedicáremo-la nosa atención unicamente ás frases de entoación compostas e non imos discutir se é factible a conformación de dominios compostos noutros niveis da xerarquía.

Aínda que no título se alude ó galego, facendo supoñer que se trata do galego común ou estándar, en realidade o presente estudio tira os datos dun dialecto do norte de Galicia, correspondente a unha comarca coñecida como A Mariña (costa da provincia de Lugo). Con todo, trátase dun falar que nos aspectos que aquí se van tratar non difire substancialmente do galego común².

1.1. A fonoloxía prosódica

As unidades que constitúen a xerarquía prosódica caracterízanse mediante as regras que se aplican no seu dominio e tamén a través dos principios que conforman a súa definición. Estes principios poden facer mención a nocións non fonolóxicas, pero non dan lugar en ningún caso a unidades necesariamente isomorfas de calquera outro constituínte procedente dun nivel gramatical diferente (Nespor / Vogel 1986).

A frase de entoación (I) presenta peculiaridades importantes con respecto ás outras unidades da xerarquía prosódica, en tanto que a natureza da súa definición é máis xeral e que se pode ver afectada por factores ou condicionantes extrasintácticos que non tiñan incidencia ningunha nas unidades inferiores (palabra fonolóxica ou frase fonolóxica), como a súa lonxitude ou a velocidade de elocución empregada. O noso interese por este constituínte radica en que é o ámbito de aplicación de certas regras fonolóxicas posléxicas e en que é a unidade prosódica que garda o vínculo máis estreito entre prosodia e entoación.

¹ Este traballo realizouse dentro do proxecto *Prosodia da lingua galega: o discurso formal*, financiado pola Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía (PB98-0627) e desenvolvido no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela.

² Os resultados aquí presentados sobre a elisión vocálica foron extraídos da nosa tese de doutoramento (Fernández Rei 2002) e as conclusións expostas beneficianse lxicamente doutros datos obtidos nese traballo.

Nespor / Vogel (1986) propoñen as seguintes regras de proxección e formación:

(1) *Formación da Frase de Entoación*

I. *Ámbito de I*

Unha I pode constar de

- a. tódalas ϕ s dunha secuencia que non estea incorporada estruturalmente á árbore da oración no nivel da estrutura-S.
- b. toda secuencia de ϕ s pertencentes a unha oración radical que queden adxacentes trala aplicación de Ia.

II. *Construcción de I*

Únanse nunha I de ramificación n-aria tódalas ϕ s incluídas nunha secuencia delimitada pola definición do ámbito de I.

Tamén con respecto á reestructuración de I hai diferencias en relación cos niveis inferiores da xerarquía prosódica, pois normalmente a reestructuración de I é moito máis flexible e ten como finalidade crear constituíntes máis curtos.

1.2. Fraseo prosódico e fraseo entoacional

Antes de pasarmos a analiza-lo comportamento da elisión no límite entre Is, sería oportuno, dado que aludimos á vinculación entre prosodia e entoación, que nos detivesemos na relación entre fraseo prosódico e fraseo entoacional. Podemos comproba-la existencia de numerosos problemas nos traballos en que se intentan establecer criterios independentes que nos permitan determinar cándo estamos ante o límite dun contorno de entoación, pero as dificultades aínda se incrementan cando se persegue poñer en relación os límites dos contornos de entoación cos límites de I.

A definición de I como unidade fonolóxica, ou prosódica se se quere, alude a que se trata do dominio sobre o que se estende un contorno de entoación. Así pois, aínda que as regras de proxección poñen de manifesto a interrelación existente entre prosodia e sintaxe, é na natureza da propia unidade onde reside a conexión entre prosodia e entoación. Agora ben, abordando esta cuestión desde o lado prosódico, teremos que indagar se se trata dunha relación biunívoca, é dicir, se a todo contorno de entoación lle corresponde unha I e se a toda I lle corresponde un contorno de entoación independente. Como é fácil de supoñer, as opinións entre os estudiosos son diverxentes, en parte porque con frecuencia se achegan ó problema do fraseo ou ben desde a perspectiva entoacional ou ben desde unha perspectiva exclusivamente prosódica. Sen embargo, tamén atopamos posicións encontradas como consecuencia dunha diferente interpretación da interacción que ten lugar entre a compoñente prosódica e a compoñente da entoación.

Así, por exemplo, Ladd (1996) defende a separación entre entoación e prosodia, aínda que admite que existen claves fonéticas na división da cadea en anacos máis pequenos, pero considera que este feito deriva da existencia dunha estrutura

fonolóxica, do tipo que se discute habitualmente na literatura da fonoloxía métrica ou da fonoloxía prosódica.

Hayes / Lahiri (1991) defenden que os feitos do bengalí apoian a tipoloxía entoacional que inclúe só acentos tonais e tons de fronteira, e que os lugares en que se fixan os tons de fronteira son os lindes de frase estipulados na teoría da xerarquía prosódica. Por tanto, baixo o seu punto de vista, a xerarquía prosódica organiza os dominios prosódicos que son ámbito de actuación das regras prosódicas e, asemade, dos eventos tonais.

Pola contra, autores como Dresher (1994) sosteñen que os dominios relevantes para as regras fonolóxicas se organizan de maneira distinta ós dominios en que operan fenómenos duracionais como o alongamento ou sobre os que se estenden contornos de entoación.

Frota (2000), sen embargo, propugna unha visión integradora das orientacións entoacional e prosódica e concibe as propiedades entoacionais como unha clave máis, entre outras, para comprende-la estrutura prosódica. Así, desde esta perspectiva, os fenómenos rítmicos e entoacionais serán interpretados como manifestacións da estrutura prosódica, xunto co sandhi e outros procesos morfofonolóxicos, que serán tratados de maneira máis pormenorizada. Neste traballo seguimos basicamente a proposta desta autora.

1.3. Regras de sandhi: a elisión vocálica

Faciamos mención anteriormente a que nos íamos centrar no estudio de I non só pola relación establecida entre prosodia e entoación, senón tamén porque era o ámbito de actuación dunha regra de sandhi que nos interesa especialmente: a elisión vocálica. Como se ve en 0, non se pode formular unha única regra que agrupe os distintos procesos de elisión, xa que esta afecta de maneira distinta a cada unha das vocais, aínda que para todas elas se propón que o proceso opera entre palabras fonolóxicas (ω) no seo dunha I.

(2) a. *Elisión de /e/ (opcional)*

$$\left[\begin{array}{c} V_a \\ \text{-alto} \\ \text{-recuado} \end{array} \right] \rightarrow 0 / [\dots [\dots]_{\omega} [V_b \dots]_{\omega} \dots]_I$$

V_b = calquera vocal

- | | |
|---|-----|
| a. O comandante <i>andaba</i> dun lado para outro | [a] |
| b. O comandante <i>ocupouse</i> de todo | [ɔ] |
| c. O comandante <i>ortigouse</i> na cara | [o] |
| d. O comandante <i>usaba</i> sombreiro no inverno | [u] |
| e. O comandante <i>evitaba</i> o sol do mediodía | [ɛ] |
| f. O comandante <i>imitaba</i> a Julio Iglesias | [i] |
- (Sinálase en *itálica* as vocais afectadas polo proceso).

b. *Elisión de /o/ (opcional)*

$$\left[\begin{array}{l} -\text{alto} \\ +\text{arredondado} \end{array} \right] \rightarrow 0 / [\dots [\dots ___]_{\omega} [[+arredondado] \dots]_{\omega} \dots]_t$$

- | | |
|---|------|
| g. O cativo andaba dun lado para outro ³ | [oa] |
| h. O cativo ocupouse de todo | [ɔ] |
| i. O cativo usaba sombreiro no inverno | [u] |
| j. O cativo evitaba o sol do mediodía | [oɛ] |
| l. O cativo imitaba a Julio Iglesias | [oi] |

c. *Elisión de /a/ (opcional)*

$$\left[\begin{array}{l} +\text{baixo} \\ +\text{recuado} \\ -\text{arredond.} \end{array} \right] \rightarrow 0 / [\dots [\dots ___]_{\omega} [[+baixo] \dots]_{\omega} \dots]_t$$

- | | |
|--|------|
| m. A rapaza ocupouse de todo | [ɔ] |
| o. A rapaza usaba sombreiro no inverno | [au] |
| p. A rapaza evitaba o sol do mediodía | [ɛ] |
| r. A rapaza imitaba a Julio Iglesias | [ai] |

2. **Elisión vocálica: evidencias segmentais do fraseo prosódico**2.1. **Entre frases de entoación**

No caso de estruturas parentéticas incrustadas nunha cláusula, estaríamos ante tres Is diferentes (I1, I2 e I3), polo que nestes casos, de ser certa a hipótese de partida, non debería producirse elisión:

- (3) a. O xastre, obrigado por aquel home, abriu a caixa forte
 b. A nosa filla, obrigada pola doutora, ocultounos datos
 c. O cativo, obrigado polo médico, ocultábase do sol
 d. Aquel mozo, urbanista no Concello, utiliza o bus

Non obstante, atopamos uns resultados que contradín a hipótese inicial, xa que comprobamos que si é posible que actúe a elisión na fronteira entre dúas frases de entoación (na Figura 1 presentámo-los resultados segundo a distribución das pausas). As falantes polo xeral presentan unha estratexia clara: ou ben fan a pausa antes ou ben despois da aposición e, no caso de que non haxa pausa e exista a posibilidade de que actúe a regra de elisión, esta só ten lugar nunha das fronteiras, nunca nas dúas ó mesmo tempo.

³ Dialectalmente prodúcese elisión de [o] átono ante calquera vocal átona (vid. Regueira 1989: 81)




Figura 1 Porcentaxe de hiatos e elisións nas fronteiras entre Is curtas segundo a distribución das pausas (H-H: hiato anterior e posterior ó inciso; H-E: hiato entre I1 e I2 e elisión entre I2 e I3; E-H: elisión entre I1 e I2, elisión entre I2 e I3; E-E: elisión nas dúas fronteiras).

Tense sinalado con frecuencia na literatura que a lonxitude dos elementos é un factor determinante no fraseo prosódico, de xeito que elaboramos algúns exemplos en que I1 é considerablemente máis longa cás outras dúas Is:

- (4) a. Ese bonito traxe de chaqueta verde, *agasallo* do meu home, *antollóu-*
selle a miña irmá
b. Aquela rapaza que viches na tenda, *obsesionada* pola gordura, *evita* a
xente
c. Ese rapaz moreno que sempre saúdo, *obrigado* polo médico, *ocúltase* do
sol

Se, como fixemos nos outros casos, nos detemos agora no comportamento da regra de elisión segundo a distribución das pausas (Figura 2), observamos como se conxugan dúas tendencias que xa se apuntaban anteriormente: se hai pausa entre a segunda e a terceira I, sempre se produce o hiato entre a primeira e a segunda; se, polo contrario, se produce unha pausa entre a primeira e a segunda, daquela, aínda que hai un número importante de hiatos, a opción maioritaria é que se produza unha elisión entre a segunda e a terceira.




Figura 2 Porcentaxes de hiatos e elisións segundo a distribución das pausas en enunciados en que I1 é longa

Con todo, non debemos obvia-lo feito de que, cando non hai ningunha pausa, hai algunha ocorrencia de elisión entre I1 e I2 e hiato entre I2 e I3, así como un número importante de exemplos en que presentan elisión nas dúas fronteiras, se ben tanto unha solución coma outra só se dan en dúas (N e T) das cinco falantes que gravaron o corpus.

2.2. Recapitulación

Na fronteira entre Is, aínda que se reduce considerablemente a incidencia do fenómeno con respecto ó que ocorre noutras fronteiras prosódicas, observamos que hai un número importante de elisións (25% do total de exemplos e 50% dos exemplos en que non hai pausa).

As elisións entre Is non aparecen aleatoriamente, senón que se amosa certa predilección por realiza-la elisión entre I1 e I2 ou ben entre I2 e I3, pero non nas dúas fronteiras simultaneamente. Así mesmo, no caso de que se insira unha pausa nun dos límites entre Is, non é estraño que a regra de elisión actúe na outra fronteira. Ademais, a lonxitude das Is parece influír na incidencia, así como na localización, da elisión. Con todo, reparamos no comportamento dalgunhas falantes, nomeadamente N e T (M en menor medida), que poden presentar elisión nas dúas fronteiras. Por tanto, se ben se reduce de xeito importante a realización de elisións na fronteira entre Is, non se bloquea ou desactiva a regra, tal e como prevía a nosa hipótese.

3. Dominios prosódicos compostos

En definitiva, a regra tal e como foi enunciada faría prediccións erróneas, dado que é evidente que a fronteira entre dúas Is pode ser traspasada. As opcións que xorden para explicarmos esta situación son:

- (5) establecer como ámbito de actuación destes procesos o enunciado fonolóxico (U)
- (6) propoñer un ámbito prosódico novo, intermedio entre a frase de entoación e o enunciado fonolóxico
- (7) recoñece-la recursividade dos dominios prosódicos

A proposta exposta en 0 foi extensamente criticada por Ladd (1996), quen propón que, en lugar de establecemos unha unidade nova, creada *ad hoc* para resolver un problema da propia teoría, se reformule a *Lei de Estratificación Rígida* (SLH = *Strict Layer Hypothesis*) (vid. por exemplo Selkirk 1984, Nespor / Vogel 1986), de xeito que se permita unha certa recursividade 0. Este autor expón algúns dos problemas que presenta a SLH, entre os que destaca que a prohibición de recursividade dá lugar a unha estrutura prosódica plana, que non reflicte as diferenzas de forza entre as fronteiras (*boundary strength*), pois só recoñece diferentes tipos de fronteira segundo as unidades prosódicas colindantes. Como consecuencia, ante certos problemas, a única solución é establecer novos dominios prosódicos (frases intermedias, parágrafos, etc.), dos que non hai evidencia independente e que son simplemente produto da propia teoría (créanse só para que a teoría non faga prediccions erróneas ou sexa capaz de dar conta dos feitos).

A alternativa que Ladd propón é admiti-la existencia de dominios prosódicos compostos (CPD = *Compound Prosodic Domains*), a pesar de que violan un dos principios da SLH. Deste xeito un CPD é un dominio prosódico dun tipo dado, X, que ten como constituíntes inmediatos elementos do seu mesmo tipo, X. Evidentemente, aínda que os CPD permiten un certo grao de recursividade, esta é moito máis restrinxida ca na sintaxe, xa que, por exemplo, non se permiten dominios compostos constituídos por unidades dun nivel superior (por exemplo, frases fonolóxicas compostas por dúas frases de entoación).

Frota (2000: 60-74) atopa argumentos a favor da recursividade, xa que os seus datos sobre o voceamento das fricativas (VF), así como sobre os encontros vocálicos, son contradictorios: por un lado, actívase o voceamento entre Is, o que contradí a regra pola que o VF só se dá no seo de I, non entre Is; pero, por outro lado, estas unidades presentan contornos entoacionais independentes e a posibilidade de inseriren unha pausa (características propias das Is). Así, adopta a hipótese de Ladd dos dominios compostos para resolver estes problemas, aínda que restrinxen a recursividade no sentido de que só permite un desdoblamento binario, isto é, unha frase de entoación composta (I^{\max}) non pode estar constituída por un número indeterminado de Is, senón que pode estar constituída unicamente por dúas Is.

Se aplicámo-las propostas de Ladd e Frota ós datos que atopamos no dialecto do galego que estudiamos, e consideramos que, aínda que existen dominios prosódicos compostos, a súa recursividade está restrinxida e só poden existir proxeccións máximas de I compostas por dúas Is, contariamos con que o comportamento dalgunhas falantes (A e R) se axustaría de maneira perfecta á predicción feita, dado que os únicos casos de activación dun proceso de sandhi entre dúas Is se producen

nunha soa das fronteiras nos enunciados que conteñen tres Is; pola contra, esta proposta faría prediccións erróneas no caso doutras informantes (N, T e M), posto que estas falantes permiten a actuación dos procesos de sandhi nas dúas fronteiras simultaneamente. Así pois, debemos completa-las opcións propostas nun principio en 0-0:

- (8) reconsidera-la posibilidade de que o ámbito máximo de actuación da regra sexa U
- (9) considerar que existen dominios prosódicos compostos por tres Is
- (10) considerar que a recursividade dos dominios prosódicos compostos está restrinxido e que só poden estar constituídos por dúas Is, de xeito que os exemplos de dobre sandhi se deben a que nunha das fronteiras se produce unha reestructuración, da que se poderían amosar evidencias entoacionais.
- (11) avalia-la repercusión da velocidade de elocución na ampliación do ámbito de actuación das regras de sandhi (non se van presentar resultados aquí, aínda que podemos adiantar que os datos obtidos non son concluíntes)

Antes de pasarmos a examinar estas propostas, debemos examina-los resultados no seo de Us reestructurados: se aceptámo-la existencia de dominios prosódicos compostos, o constituínte inmediatamente inferior a U non sería I, senón I^{\max} , por conseguinte, os enunciados en que se dá a reestructuración de dous Us nun só non estarían constituídos por dúas Is, senón por dúas I^{\max} . Deste xeito, se o sandhi non actúa no seu seo será evidencia de que este non pode traspasa-la fronteira entre dúas I^{\max} e de que o seu ámbito de actuación non é U.

- (12) a. Non lle toque. *Aínda está quente*
- b. Non lle falaba. *Odiábao a morte*
- c. Non llo quixo. *Odiábao a morte*
- d. Non llo quixo. *Usaba un de seu pai*

Neste contexto queda bloqueada completamente a regra de elisión para tódalas falantes, menos para N (45% de elisións). Daquela, para esta falante, a regra actúa indubidablemente no seo do enunciado fonolóxico.

Para corroborar que os exemplos de elisión que presenta N son consecuencia da reestructuración de U e non froito de que a regra da elisión poida traspasa-la fronteira entre dous Us, confeccionámo-los seguintes exemplos:

- (13) a. Non tedes aceite. *Oínte chegar*
- b. Compreivos pasta. *Oínte chegar*
- c. Compreivos catro. *Oínte chegar*

Os exemplos de 0, a diferenza dos que presentamos en 0, non cumpren os requisitos pragmáticos e semánticos necesarios para que se efectúe a reestructuración: non só non hai unha relación lóxico-semántica entre eles, senón que, ademais, van dirixidos a dous interlocutores diferentes. Neste caso non é posible que se active a elisión, de xeito que, aínda que insiren pausas entre os dous enunciados nun 40% das realizacións, nas mostras en que non hai pausa, o bloqueo da regra é total.

Obviamente, estes casos en que os procesos de sandhi actúan entre I^{\max} apuntan a que o dominio no que se activan é U, tal e como se recollía en 0, independentemente de que considerémo-la existencia de I^{\max} constituídas por máis de dúas Is. Así a todo, débese notar que só N presenta ese comportamento de maneira sistemática, pois outras falantes, como M e T, que presentan exemplos de dobre elisión, non eliden nunca a vocal na fronteira entre I^{\max} e, en consecuencia, debemos concluír que hai indicios de que U non é o ámbito de actuación das regras, así como de que os dominios prosódicos compostos poden estar constituídos por tres unidades do seu mesmo tipo, segundo a opción proposta en 0. Ademais, se estipulásemos que o ámbito de actuación destas regras é U, o comportamento de A e R é cando menos chocante e non parece avaliar esta hipótese, pois para estas informantes, nunha secuencia de tres Is, nunca é posible o sandhi nas dúas fronteiras simultaneamente, nin tampouco no seo de enunciados fonolóxicos reestructurados.

Se optamos por establecer que a recursividade dos dominios prosódicos permite unidades compostas de ata tres unidades do seu mesmo tipo, as regras poderán estipular que a elisión vocálica ten como ámbito máximo de actuación I^{\max} . Agora ben, isto non explicaría por qué, dunha maneira bastante sistemática, unhas falantes escollen a composición de I^{\max} en dúas Is, mentres que outras escollen a composición en tres. Así mesmo, esas regras non predicirían correctamente os resultados que atopamos en N, pois, como acabamos de ver, esta falante permite a actuación das regras entre I^{\max} , no seo de Us reestructurados.

Así pois, para sermos quen de atopar unha solución, o primeiro que temos que evitar é a circularidade do razoamento. Este perigo provén de que partimos de que hai unha serie de dominios prosódicos organizados xerarquicamente, que se xustifican porque existen determinadas regras fonolóxicas (posléxicas) que teñen como ámbito de actuación eses dominios. Deste xeito, xustificámo-la existencia da frase de entoación en galego, porque a regra fonolóxica de elisión actúa dentro de I, pero nunca entre Is diferentes. Sen embargo, ó atopármonos con exemplos en que a elisión actúa entre Is, podemos caer na tentación de usámo-la propia regra de elisión para determina-las fronteiras entre os dominios, de xeito que, se hai elisión o dominio no que estamos é I, mentres que se non hai elisión estamos ante unha fronteira entre dúas Is ou ante un dominio diferente. Para eludirmos esta circularidade débense establecer criterios independentes das propias regras. En definitiva, debemos evitar que a proba da existencia dun dominio prosódico atope xustificación exclusiva na regra que actúa no seu ámbito.

3.1. Evidencias entoacionais

O primeiro que amosan os datos é que non hai unha correspondencia biunívoca entre os resultados da regra de elisión e a entoación: o feito de que apareza un hiato nunha fronteira entre dúas Is non implica necesariamente que nese lugar haxa un límite entre dous contornos de entoación, do mesmo xeito que a ausencia de marcas entoacionais que sinalen a fronteira entre dous contornos non ten por qué traducirse nunha elisión. Por tanto, dos datos tirados do estudo das regras segmentais non podemos deducir que o fraseo prosódico deste tipo de enunciados tenda xeralmente a agrupa-la I1 coa I2 ou a I2 coa I3.




Figura 3 Contorno de M dunha das súas realizacións do enunciado (3d). Non insire ningunha pausa e a elisión só se activa entre I1 e I2.

O contorno representado na Figura 3 é un exemplo claro do que acabamos de expoñer: entre o final de I1 e o comezo de I2 hai un salto do ton (3 st) que non se produce entre I2 e I3 (1,5 st aprox.), sen embargo a elisión actúa no primeiro caso e non no segundo. Tamén temos exemplos de dobre elisión, tanto entre I1 e I2 coma entre I2 e I3 dentro do mesmo enunciado, que, con todo, parecen presentar marcas tonais que indican o límite entre contornos de entoación diferentes (Figura 4).




Figura 4 Contornos de entoación de N e T do enunciado (3d). As dúas presentan elisión entre I1 e I2, así como entre I2 e I3, e non insiren pausa en ningunha das dúas fronteiras.

Na Figura 4 tamén observamos unha diferenza interesante entre a realización de N e a de T: o valor da sílaba resultante da elisión de “mozo urbanista” [θur] (no caso de T aparece indicada cun círculo e no de N cun rombo). Como se ve, no caso de N o valor asociado ó final do primeiro contorno está en niveis próximos á última sílaba tónica de I1, mentres que o segundo contorno comeza nun ton bastante máis baixo; pola contra, no caso de T o ton asociado ó final do primeiro contorno está máis próximo ó do comezo do contorno de I2, pero sitúase nun nivel moito máis baixo cá tónica anterior, asemellándose ós movementos tonais que con frecuencia aparecen en final de enunciado.

Como vemos, é difícil determinar cáles son as marcas tonais que indican o límite entre dous contornos de entoación diferentes. O criterio por nós empregado, que haxa un movemento tonal ou diferenza entre os tons do final dunha frase e o comezo da outra é utilizado con frecuencia:

[Los] cambios más o menos bruscos de la altura musical son efecto de los tonos de juntura, que son los movimientos tonales con función delimitadora que aparecen al final de las secuencias (Sosa 1999: 31)

Outro dos criterios que habitualmente se ten en conta é o do alongamento que adoita sufrir a tónica e maila átona ou átonas, se houberse, finais. Con todo, debe terse presente que en ningún caso pretendemos basear as nosas conclusións nos datos presentados sobre a entoación, dado que estes perseguían unicamente a finalidade de ilustra-los casos que nos parecían máis claros de contornos de entoación separados a través dos que, non obstante, se activaba unha determinada regra de sandhi.

Esta é, sen embargo, unha liña de investigación que debe ser explorada, dado que as implicacións de interpretarmos certos resultados, por exemplo os representados na Figura 4, como tres contornos separados ou como dous son evidentes: se estimamos que ese enunciado está composto unicamente por dúas Is, dado que non existen evidencias de que haxa unha fronteira entre I1 e I2, poderíamos concluir que os dominios compostos están constituídos por dúas Is. Así, a elisión tería como ámbito de actuación I^{\max} : a elisión entre I1 e I2 tería lugar no seo dunha I e a que se produce entre I2 e I3 tería lugar entre dúas Is, no seo de I^{\max} . Pola contra, se consideramos que existe unha fronteira entre Is tanto entre I1 e I2 coma entre, como parece evidente, I2 e I3, xa non poderíamos postular un dominio prosódico composto constituído por dúas Is, senón por tres. Obviamente, estas non son evidencias entoacionais suficientes como para poder realizar unha afirmación deste tipo, pero si nos pon sobre a pista dun aspecto de interese: un estudio máis profundo da entoación podería axudarnos a determinar se estes enunciados compostos por tres Is se reestructuran en dúas ou mesmo nunha soa I e, por conseguinte, levaríanos a reinterpretar eses casos de dobre elisión, xa que non se producirían no seo de U, nin sequera no seo dunha I^{\max} composta por tres Is, senón no de I (se hai un só contorno) ou de I^{\max} (se hai dous).

Daquela, aínda que non desenvolvemos un estudio da entoación moi exhaustivo, o exame que fixemos dos contornos das realizacións dos enunciados compostos por tres Is revelan a existencia de marcas tonais que indican o límite entre contornos. Así mesmo, non atopamos ningún exemplo en que se delimitasen entoacionalmente tres contornos de maneira inequívoca e que, pola súa vez, o proceso de sandhi actúase nas dúas fronteiras.

En conclusión, por unha parte, N presenta uns resultados que avalan a formulación das regras como procesos que se activan no seo de U, mentres que o resto das falantes (coas precaucións pertinentes para M e T) ofrécennos datos que apuntan máis ben cara á existencia de dominios prosódicos compostos, mesmo por tres Is. En todo caso, os procesos bloquéanse se o límite existente é de U, tanto en M coma en N (non temos datos do resto das informantes).

Así pois, as regras enunciadas en 0 deben ser reformuladas e consideraremos que o seu ámbito máximo de actuación é I^{\max} . Así mesmo, propoñemos que os dominios prosódicos compostos en galego poden estar constituídos mesmo por tres Is, dado que as evidencias segmentais demostran que para as falantes en que o sandhi pode actuar en dúas fronteiras consecutivas de I, este non pode traspasala fronteira entre dúas I^{\max} no seo dun U reestructurado (vid. Fernández Rei 2002 para datos máis pormenorizados da elisión, así como os relativos a outros procesos de sandhi). A única informante que non responde ó funcionamento descrito por tales regras é N, para quen o ámbito de actuación das regras de sandhi parece ser U, pero é moi probable que nesta diverxencia inflúan factores como a velocidade de elocución ou factores estilísticos. Con todo, cumpriría desenvolver un estudio máis profundo da entoación para verificar esta hipótese, pois o exame superficial que levamos a cabo dos contornos de entoación indúcenos a pensar que nos casos en que o sandhi actúa en dúas fronteiras consecutivas de I estamos ante dous contornos e non tres, como debería haber se os dominios prosódicos compostos estivesen realmente constituídos por tres Is. O estudio fonolóxico da entoación do galego non está feito e é fundamental para chegar conclusións definitivas con respecto ó aquí exposto.

4. Conclusións

Aínda que xa apuntamos que a entoación e a súa relación co fraseo prosódico debía ser estudada con maior detemento e sistematicidade, non queremos deixar de salientar unha vez máis un aspecto que nos parece crucial: non podemos propoñer de maneira definitiva que unha frase de entoación composta poida estar formada por tres Is en galego ata que non contemos con máis datos sobre a entoación. Ó dispoñermos só de evidencias provenientes do funcionamento de determinados procesos segmentais, só podemos concluír que as I^{\max} compostas por tres Is son posibles, xa que no seu seo poden operar procesos de sandhi, mentres que calquera deles se bloquea no seo dun U reestructurado. Se dispuxesemos de evidencias entoacionais, en cambio, poderíamos constatar se ós enunciados compostos por tres

Is lles corresponden tres contornos de entoación. Así, se efectivamente estamos ante tres Is e, a pesar diso, un proceso de sandhi dado actúa nas dúas fronteiras, confirmaríamos que I^{\max} pode estar composto por tres Is; se, polo contrario, atopamos evidencias tonais que só existen dous contornos, estaríamos ante o que Cruttenden (1986) denomina *intonational sandhi*, isto é, dous grupos de entoación independentes fúndense nun único grupo. Neste último caso, teríamos que soste que I^{\max} pode estar constituída por un máximo de dúas Is.

5. Bibliografía

- Cruttenden, Alan (1986): *Intonation*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Dresher, B. Elan (1994): "The prosodic basis of the Tiberian Hebrew system of accents", *Language* 70-1: 1-52.
- Fernández Rei, Elisa (2002): *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfía sintagmática: dominios prosódicos en galego*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago.
- Frota, Sónia (2000): *Prosody and Focus in European Portuguese. Phonological Phrasing and Intonation*, Garland Publishing, Nova York / Londres.
- Hayes, Bruce / Aditi Lahiri (1991): "Bengali Intonational Phonology", *Natural Language and Linguistic Theory* 9: 47-96.
- Ladd, D. Robert (1996): *Intonational Phonology*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Nespor, Marina / Irene Vogel (1986): *Prosodic Phonology*, Foris Publications, Dordrecht.
- Selkirk, Elisabeth O. (1984): *Phonology and Syntax: the Relation Between Sound and Structure*, MIT Press, Cambridge, MA.
- Sosa, Juan Manuel (1999): *La entonación del español. Su estructura fónica, variabilidad y dialectología*, Cátedra, Madrid.